

DESTINATARIOS

Deben estar dirixidas a profesionais sanitarios aos que se refire a Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias:

Profesionais das profesións sanitarias tituladas (licenciados, diplomados, graduados): Medicina, Farmacia, Odontoestomatoloxía, Veterinaria, Enfermaría, Fisioterapia, Podoloxía, Terapia Ocupacional, Óptica e Optometría, Nutrición Humana e Dietética, Logopedia e Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos.

Especialidades sanitarias de: Bioloxía, Bioquímica, Física, Química, e Psicoloxía.

Profesionais da rama sanitaria de formación profesional:

a) De grao superior: técnicos superiores en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico, Dietética, Hixiene Bucodental, Imaxe para o Diagnóstico e Medicina Nuclear, Laboratorio Clínico e Biomédico, Audioloxía Protésica, Ortoprótese e Produtos de apoio, Próteses Dentais, Radioterapia e Dosimetría, Saúde Ambiental e Documentación e Administración Sanitarias.

b) De grao medio: técnicos en Coidados Auxiliares de Enfermaría, Farmacia e Parafarmacia, Emerxencias Sanitarias (RD 1397/2007, do 29 de outubro)

Tamén a profesionais recoñecidos como sanitarios con posterioridade: **psicólogo xeral sanitario** (Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública)

As actividades deben estar dirixidas a profesionais sanitarios que finalizaron a súa formación regrada correspondente.

Se ocasionalmente asisten **profesionais non sanitarios**, estes **non poderán recibir** certificado con créditos de formación continuada do SNS.

Non se poderán admitir solicitudes de acreditación de actividades dirixidas especificamente a profesionais que estean en período de formación como especialistas en ciencias da saúde (residentes).

Os **residentes** poderán participar en actividades de formación continuada se así o estima pertinente o seu titor ou comisión de docencia.

En todo caso, **a porcentaxe de profesionais non sanitarios e profesionais en período de formación** como especialistas en Ciencias da Saúde sobre o total de participantes **será inferior ao 50 % e non poderán recibir o certificado con créditos** de formación continuada.

En calquera caso, sempre que nunha actividade se admitan residentes, os certificados deberán incluír unha lenda indicando o seguinte: «Os créditos desta actividade non son aplicables aos profesionais que participen nela e que estean a se formar como especialistas en Ciencias da Saúde».